



BANDO

PRODUTO TURÍSTICO "CAMIÑOS DOS SABORES DE GALICIA"

A Axencia galega de desenvolvemento rural (Agader) está a desenvolver actuacións dirixidas á creación e posta en marcha do produto turístico "Camiños dos sabores de Galicia".

OBXECTIVO: crear catro rutas agroalimentarias que acheguen aos visitantes ao medio rural, aos procesos produtivos que teñen lugar nel, a súa cultura, gastronomía e paisaxe.

PRODUTOS SELECCIONADOS: Queixos galegos (D.O.P. Arzúa-Ulloa, D.O.P. Queixo Tetilla, D.O.P. Cebreiro, D.O.P. San Simón da Costa), as aves de curral criadas tradicionalmente (Capón de Vilalba, Galo de Vila de Cruces e Galiña de Mos), o mel (I.X.P. Mel de Galicia), e as castañas (I.X.P. Castaña de Galicia).

Nunha fase inicial establecéronse catro territorios de intervención. Actualmente dende o Grupo de Dirección Local do proxecto Cantata 2 considerouse a posibilidade de ampliar este ámbito territorial o que permitiría que entidades do Concello de Mesía se incorporasen a esta iniciativa.

ENTIDADES SUSCEPTIBLES DE FORMAR PARTE DESTA INICIATIVA:

- Empresas agroalimentarias/produtores, recolección.
- Recursos agroalimentarios (producción, recolección, patrimonio rural)
- Tendas especializadas (establecementos de venda de produtos agroalimentarios)
- Aloxamentos
- Hostalería e restauración.
- Empresas de actividades complementarias (guías turísticas, empresas de tempo libre, turismo deportivo, turismo termal, ...)

PRAZO DE SOLICITUDE: Antes do 15 de abril do actual.

Para maior INFORMACIÓN,

- páxina web: http://agader.xunta.es/OutrosProxectos_Proxecto.do?proxectoid=417
- correo electrónico: cantata2@xunta.es
- teléfono: 881 997 405

Mesía, 22 de marzo de 2011

Asdo.:

Mariano Iglesias Castro
Alcalde